EXPEDIENTE: 2455/232
RETIRAR: 2/09/24

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO RECUAMENTO LMT BAL705, CS E SUBSTITUCIÓN CT FALCOA"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle o edicto polo que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **30 de agosto de 2024**, a partir das **12 horas** sobre o terreo.

O edicto deberá ser exposto ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantaranse sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A xefa territorial
Beatriz López del Olmo
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Servizo de Coordinación Industrial
Praza da Estrela s/n
36201 Vigo

XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/218-4).

A instalación denominada Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 27 de marzo de 2024, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **30 de agosto de 2024**, a partir das **12** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A xefa territorial
Beatriz López del Olmo
(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

Recuamento LMT BAL705, CS e substitución CT Falcoa							
Nº	**Referencia catastral**	**Paraxe**	**Titular**	**Nº apoio**	**m2 solo**	**ml sub**	**m2 subsolo**
1	3130803NG2733S0001SG	Falcoa	Francisco Javier e José Antomio González Magdalena	CT e CS	30,84	7,36	30,62

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA
Servizo de Coordinación Industrial
Praza da Estrela s/n
36201 Vigo